

falaRedes

programa de dinamización lingüística

ESTAMOS NO VERÁN!!!

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a actividade Estamos no verán!!!, que este mes de xuño inaugura percorrido polos concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

A iniciativa de fomento do galego ponse en marcha de novo tras a estrea dos Bolechas na máquina do tempo, o pasado mes de marzo, e medra no seu empeño de promover o uso e a valoración positiva da lingua galega, especialmente entre a infancia e a mocidade.


Desta volta, FalaRedes bota man da música para achegarlles aos nenos e nenas de 7 a 12 anos unha proposta de lecer en galego, orixinal e refrescante.

Segundo canta Xoán Curiel... Xa estamos no verán!!! Vacacións, bo tempo, novos amizade e unha mancha de aventuras por vivir a ritmo de rock, funk, blues, pop, reggae e bossa nova. Esta segunda actividade do programa busca un encontro festivo e desenfadado coa música e a lingua, deixando que as palabras se movan tán rápido coma os pés.

Acompañado no escenario pola banda Son+d2 e pola bailarina Marta Alonso, Xoán Curiel ofrecerá unha rolda de concertos para gozar en familia, para choutar, bailar e cantar en galego. Na súa viaxe vai cargado de historias e bo humor, enchendo o tempo de lecer da xente miúda cunha proposta de calidade no noso idioma.

Durante os meses de xuño e xullo, Estamos no verán!!! chegará a 18 vilas pertencentes á RDL. Coma sempre en Falaredes, a entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas.

Toda a información sobre o programa está dispoñible en www.lingua.gal e tamén nas redes sociais.



ESTAMOS NO VERÁN!!!

XUÑO

- Domingo 7: **Santa Comba**, no auditorio do Edificio Multiúsos, ás 18:30 h
- Venres 12: **Cariño**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Domingo 14: **O Rosal**, no Auditorio Municipal, ás 19:30 h
- Domingo 21: **Ordes**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 12:00 h
Muxía, na Praza Cabo da Vila, ás 20:30 h (en caso de choiva, no Salón de Actos do Voluntariado)
- Domingo 28: **Miño**, nas Pistas do Ravazal, ás 20:00 h (en caso de choiva, no Centro Social da Rúa)



XULLO

- Venres 3: **Ames**, nos Xardíns do Pazo da Peregrina, en Bertamiráns, ás 20:30 h (en caso de choiva, no salón interior)
- Sábado 4: **Xove**, no Salón de Actos do Centro Cívico, ás 11:30 h
Ortigueira, no Teatro da Beneficiencia, ás 19:00 h
- Domingo 5: **Fisterra**, no Porto de Fisterra, ás 12:30 h
Baiona, na Praza do Concello, ás 20:30 h (en caso de choiva, no Auditorio V Centenario)
- Venres 10: **Malpica de Bergantiños**, no Paseo da Praia, ás 20:30 h (en caso de choiva, no auditorio do Centro Cívico)
- Sábado 11: **Nogueira de Ramuín**, na Praza da rúa Cagalla, ás 12:00 h (en caso de choiva, no Edificio Multiúsos)
Vilamarín, no Auditorio Municipal, ás 19:00 h
- Venres 17: **Barreiros**, no Centro Sociocultural Manuel Díaz San Pedro, ás 20:00 h
- Domingo 19: **Ribadumia**, no Auditorio Municipal, ás 12:30 h
Bueu, na Praza Massó, ás 21:00 h (en caso de mal tempo, no Centro Social do Mar)
- Domingo 26: **O Grove**, na Praza do Corgo, ás 20:00 h (en caso de choiva, na Casa da Cultura Manuel Loureiro Rey)